



Concello
de Vilalba

VILALBA FEITA A MAN. FEIRA ARTESANÍA DE VILALBA 7 e 8 de MAIO 2022
CRITERIOS INSCRIPCIÓN CASETAS DE ASOCIACIÓN, INSTITUCIÓN E ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO ADICADAS A ARTESANÍA

- Só poderán participar entidades de artesáns e artesás que presenten a seguinte documentación:
 - D.N.I. da persoa responsable
 - N.I.F. da Asociación
 - Número de Rexistro Municipal de Asociacións
- Os horarios da feira serán de obrigado cumprimento podendo a organización impedir a participación de calquera expositor que non os cumpra.
- Os horarios da feira serán os seguintes:
 - Sábado día 7 de Maio de 11:00 h. A 21:00 h.**
 - Domingo día 8 de Maio de 10:00 h. A 15:00 h.**
- O sábado os expositores poderán pechar 2 horas para comer de 14 a 16h. A organización non colocará o sistema de peche, cada expositor terá que traer o seu propio.
- Os expositores dispoñerán dunha zona de aparcamento no aparcadoiro subterráneo da praza da Constitución (entrada pola Rúa dos Pepes). Dende aquí deberán levar a pe a mercancía ata as casetas . (non estará permitido o acceso con vehículos a praza da Constitución nin á carpa).
- Poderase acceder a este aparcadoiro dende as 08.30 ata as 10.45h o sábado e dende as 08.30 ata as 09.45h o domingo. Debendo estar os postos totalmente montados para cando se abra a feira.
- O espazo a ocupar polos expositores, así como a localización dos mesmos será decidida pola organización para unha mellor ordenación da feira. As casetas deben quedar recollidas, sen refugallos e en perfecto estado.
- A organización resérvase o dereito da adxudicación dos expositores para garantir a oferta da meirande variedade de produtos ó público, notificándose a cada solicitude se foi admitida ou non no correo electrónico facilitado polo solicitante.
- Todas as casetas terán 3 metros de fondo e 3 de longo. A organización resérvase o dereito a variar o espazo se fose necesario.
- A organización dispoñerá de seguridade no recinto da feira na noite do sábado ó domingo. Recoméndase pechar a fronte de cada posto despois do peche da feira.
- A organización facilitará o acceso a tomas de luz para os que así o soliciten o longo de todos os postos. Non se poderán enchufar estufas eléctricas.
- A organización non facilitará mesas, cadeiras, nin ningún tipo de mobiliario.
- A organización será a única con poder para tomar unha decisión sobre calquera imprevisto que puidera xurdir a última hora e sobre a admisión ou non de participantes.
- Para solicitar a reserva de espazo para montar a caseta, deberase presentar toda a documentación solicitada nestas bases xunto coa ficha adxunta polo rexistro do Concello de Vilalba, tanto presencial como pola sede electrónica (instancia xeral) na nosa páxina: www.vilalba.gal. Unha vez recibido a organización porase en contacto co expositor comunicando se ten ou non espazo a través do correo electrónico facilitado na inscrición.
- **Data inscrición: dende o día de publicación destas bases ata o 27 de Abril de 2022.**
- Teléfonos de contacto: **982 51 03 05** (Concello).
- Correo electrónico: ferias@vilalba.es (Concellería de Feiras e Mercados). So para consultas.



Concello
de Vilalba

VILALBA FEITA A MAN. FEIRA ARTESANÍA DE VILALBA 7 e 8 de MAIO 2022

FICHA INSCRICIÓN CASETAS DE ASOCIACIÓN, INSTITUCIÓN E ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO ADICADAS A ARTESANÍA

(TODOS OS CAMPOS DEBERÁN SER CUBERTOS CON LETRAS MAIÚSCULAS E CON CLARIDADE)

EMPRESA				
DIRECCIÓN:				
PROVINCIA:		POBOACIÓN:		
NIF / CIF:		MÓBIL:		
MÓBIL 2:		FIXO:		
CORREO ELECTRÓNICO:				
PERSOA CONTACTO:				
TIPO ASOCIACIÓN:		MATERIAL:		
METROS:	3X3	TOMA CORRENTE:	SI	NO
NOME RÓTULO:				

Acepto as normas da Vilalba Feita a Man. Feira de artesanía de Vilalba 2022, comprometéndome a respectalas e informo que cumpro toda a normativa e requisitos establecidos pola lexislación vixente para a venda do produto que presento.

FIRMA E SELO: